



Informe-memoria de xestión

da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) no período interasemblar 2021-2022

Na Asemblea Xeral Ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2021, que tivo lugar o 6 de marzo mediante videoconferencia, aprobáronse por unanimidade as [liñas de acción da asociación para o período interasemblar 2021-2022](#).

O plan de acción aprobado non se cumpriu na súa totalidade, mais si se levaron a cabo as actividades que se consideraron prioritarias. Desenvolvéronse accións de xestión cotiá da asociación (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua, propostas para mellorar o traballo en lingua etc.) e as máis estabilizadas e que supuñan continuidade dos anos anteriores (encontros, colaboracións, formación, LGx15, Agasallo, Premios Mil Primavera etc.). Respecto de **Agasallo**, modificouse a imaxe e a forma de xestión, para centrarse só nas redes sociais. Finalizouse a segunda edición dos **Premios Mil Primavera a proxectos de posta en valor e fomento do galego**, e convocouse a terceira.

Houbo outras **actividades** que quedaron **pendentes**: non se finalizou a elaboración dunha proposta de temario específico para procesos selectivos, con modelos de probas prácticas, nin se iniciou a redacción dunha proposta unificada de probas de lingua galega para o acceso a prazas nas administracións públicas.

En definitiva, desenvolveuse unha actividade satisfactoria, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, para procurar mellorar o discurso e o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.



Accións para o cumprimento dos fins da asociación

1. **Defender os intereses xerais dos traballadores e das traballadoras de normalización lingüística de Galiza e a dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos.** As accións máis salientables que se desenvolveron nesta área foron as seguintes:

- Difundíronse no web, a través do boletín e nas redes sociais as **convocatorias de prazas** de técnico/a de normalización lingüística ou similares que se publicaron durante o ano (unha bolsa de prácticas no Concello de Ames, bolsas de emprego en Cedeira, Arzúa e Nigrán, praza temporal en Quiroga e Ribas de Sil, prazas definitivas nos concellos de Carballo e Narón, na Universidade de Vigo e no Parlamento de Galicia), así como as **convocatorias de subvencións** para a creación de SNL (deputacións da Coruña e Pontevedra e Xunta de Galicia).
- Fixéronse **solicitudes e alegacións** na procura de mellorar as condicións laborais dos/das traballadores/as de normalización da lingua e, en xeral, o traballo a prol da lingua desde as administracións:
 - Decembro de 2021: [presentáronse alegacións á aprobación provisional da RPT do Concello de Betanzos](#), xa que desprazaba a praza de técnico/a de normalización lingüística ao grupo II e asignáballe funcións que incluían tarefas obsoletas ou propias doutras categorías. En xaneiro de 2022 aprobouse definitivamente a modificación puntual sen incluír ningunha das modificacións propostas nas nosas alegacións e [publicouse no BOP do 2 de febreiro](#). É a primeira vez que un concello transforma unha praza do grupo I en grupo II coa traballadora contratada.
 - Decembro de 2021: [presentouse un recurso de reposición para pedir a modificación das bases da convocatoria de dúas prazas de técnico/a de normalización lingüística na Universidade de Vigo](#), xa que só inclúen como requirimento lingüístico o Celga 4 e no concurso non valoran a experiencia laboral noutras administracións. O 22 de febreiro de 2022 recibimos a notificación da resolución do noso recurso, que **foi acollido na súa totalidade**. Polo tanto, modificáronse as bases para incluír como requisito o Celga 5 e para valorar no concurso os servizos prestados noutras administracións públicas.



- Febreiro de 2022: [solicitóuselle ao concello de Rianxo a cobertura da praza de técnico/a de normalización lingüística](#), vacante desde setembro de 2021.
- Fíxose **seguimento das axudas convocadas polas deputacións provinciais e a Xunta en materia de normalización lingüística**, mais infelizmente hai que salientar que **durante este ano só se crearon dous SNL: no Concello do Porriño e na Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol** (este último convocado en xaneiro de 2021).

As [axudas da Deputación da Coruña](#) convocáronse en decembro de 2020 e resolvéronse provisionalmente en marzo e definitivamente en xullo. Concedéronse axudas de 15 000 euros para o mantemento de 25 SNL (incluído do da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol) e para a creación de dous, que non se chegaron a cubrir. Tamén se concedeu axuda para o reforzo dos SNL da Coruña e Ferrol.

As [axudas da Deputación de Pontevedra](#) convocáronse en febreiro e resolvéronse en agosto. Concedéronse axudas para o mantemento de cinco SNL e para a creación de dous, dos cales só se creou o do Porriño. Non se solicitou axuda para o reforzo de ningún SNL. Por outra parte, desde 2021 a Deputación de Pontevedra separou as axudas á creación, mantemento e reforzo de servizos das correspondentes a actividades (38 axudas concedidas), de forma que os concellos con SNL poden concorrer aos dous tipos de axudas. No entanto, esta separación non propiciou aínda a creación de máis SNL na provincia.

As [axudas da Xunta](#) convocáronse en abril e resolvéronse en xullo. Concedéronse axudas para o mantemento de 31 SNL e para a creación de catro, pero finalmente non se creou ningún. Tamén se concederon 34 axudas para actividades de dinamización lingüística, modalidade que se suprimira en 2020 pero que se recuperou o ano pasado.

2. Promover a formación continua no eido da normalización lingüística

Nas liñas de acción aprobadas figuraba a realización dalgún curso organizado directamente pola CTNL. Escolleuse, polo seu interese, un curso sobre **ferramentas da educación social aplicadas á normalización lingüística**.



- **Ferramentas da educación social ao servizo da normalización lingüística**

- Datas: 27 de setembro e 4 de outubro
- Duración total: 16 horas
- Lugar: Espazo Apego do Concello de Santiago de Compostela
- Participación: 11 alumnas
- Docente: **Ana González Quinteiro**, educadora social no Concello de Pontevedra, con ampla experiencia na docencia de contidos da súa especialidade entre o profesorado (en centros de formación e recursos e sindicatos), o monitorado ou os traballadores públicos, abordando temas como o liderado, as habilidades sociais, dinámicas de grupos, manexo do estrés, planificación, motivación, resolución de conflitos etc. Na actualidade realiza estudos de doutoramento en Equidade e Innovación Educativa (Departamento de Pedagogía e Didáctica, USC).
- Valoración: esta actividade formativa foi ben valorada polo alumnado. Entre os detalles para mellorar, botouse en falta máis duración. Entre os aspectos positivos destacouuse o dominio da materia pola docente, a metodoloxía e a dedicación.
- Colaboraron: a Secretaría Xeral de Política Lingüística no financiamento e o Concello de Santiago de Compostela na cesión do Espazo Apego.

ESPAZOS DE COLABORACIÓN E ENCONTROS

- Colaborouse cos **XXIII Encontros para a normalización lingüística. Desde o berce: a transmisión interxeracional da lingua galega**
 - Lugar e datas: tiveron lugar nun formato mixto, con gravación previa das intervencións, emisión os días 25 e 26 de outubro e xornada de debate presencial e en liña o 4 de novembro.
 - Organizou: Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega
 - Colaborou: Secretaría Xeral de Política Lingüística
 - [Conclusións](#)

3. Accións de promoción da lingua e de transmisión de ideas:

- **LGx15. Ideas para o futuro da lingua** (<https://lgx15.gal/>)

Experiencias, argumentos, opinións, propostas, palabras, reflexións... Ideas!

A sétima edición do LGx15 volveu ser un evento aberto ao público. Optouse por unha edición intermedia entre os eventos das cinco primeiras e a edición en liña do ano anterior. Por tanto, foi máis breve, con menos capacidade de público e non incluíu actuación musical.

O evento tivo lugar o **16 de outubro** na Sala Agustín Magán do Centro Sociocultural de Santa Marta, grazas á colaboración do Concello de Santiago de Compostela, que nos cedeu o espazo. A difusión dos vídeos realizouse en xaneiro de 2022.

Interviñeron **seis persoas** para transmitir, dun xeito breve, claro e visual –a través de charlas de entre 12 e 16 minutos–, ideas e reflexións para influír no uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos.

- Participantes do LGx15 de 2021: María Vázquez, Xosé Luís Reza, Alice Piccardi, Agos Reigosa, Ana Moreiras e Paco Cerdeira *Pakolas*.

No financiamento deste proxecto, coma noutras edicións, colaborou a Secretaría Xeral de Política Lingüística grazas ao convenio anual que asinamos coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

- **Agasallo.eu. Propostas de regalos en galego** (<https://www.agasallo.eu>)

A finais de 2013 púxose en marcha a plataforma dixital Agasallo.eu, para compilar e difundir propostas de regalos en galego de todo tipo, para todos os gustos e idades etc., co fin de dar a coñecer e visibilizar creacións que usan a lingua galega e incentivar que a xente teña en conta a lingua á hora de facer agasallos.

En 2015 decidimos que a participación por parte das empresas comezase a ser gratuíta, a cambio da doazón dalgúns artigos para facer sorteos que permitan



unha maior difusión da plataforma a través das redes sociais. Por outra parte, a partir dese mesmo ano pasou a ser a directiva da CTNL a encargada de incluír os produtos na plataforma e darlles difusión a través das redes sociais. Na actualidade a plataforma contén arredor de 1000 propostas diferentes dunhas 130 empresas distintas.

En 2021 decidimos, de acordo co acordado na asemblea anterior, **modificar a xestión do proxecto para facer este labor máis sinxelo e ter máis presenza nas redes sociais**. En primeiro lugar, **modificouse a imaxe** para modernizala e actualizala, alén de centrala só na palabra “agasallo” para diferenciala do web existente. Tamén se creou unha [conta en Instagram](#), que se sumou ás xa existentes en [Facebook](#) e [Twitter](#). Por outra parte, deixou se actualizarse o web, feito que se lles comunicou ás empresas participantes e que se anunciou nas redes sociais e [no noso web](#).

Desde decembro o proxecto segue nas redes sociais con bo seguimento. Para aumentar os/as seareiros/as retomáronse os sorteos de produtos nas redes sociais.

- **Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego (<https://milprimaveras.gal/>): finalización da segunda edición e convocatoria da terceira**

En 2021 resolveuse a segunda edición dos [Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego](#), e convocouse a terceira. Estes premios creáronse coa finalidade de **valorar, recoñecer e difundir accións, campañas, programas e proxectos que teñen como obxectivo principal o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**. Os obxectivos dos Premios Mil Primaveras son:

- Recoñecer o traballo ben feito no ámbito da normalización lingüística.
- Transmitir unha imaxe positiva do labor de promoción do uso e prestixio da lingua.
- Valorar externamente accións, proxectos ou campañas, seleccionar as mellores e sinalalas como modelos que poden ser imitados.



- Difundir o traballo que se realiza a prol da lingua galega.

Os proxectos premiados na segunda edición foron os seguintes:

- **Premio ao mellor proxecto estabilizado: Enreguéfate e Regueifesta** (SNL de Ames, Pontevedra, Rianxo, Santiago de Compostela e Teo e os docentes promotores da Regueifesta, Séchu Sende e Manolo Maseda).
- **Premio ao mellor proxecto novo: Galeguiza-T** (nacido no IES Neira Vilas de Oleiros).
- **Premio á mellor comunicación e impacto: DígochoEu** (CRTVG).
- **Premio ao proxecto máis innovador: Plan de desconfinamento progresivo da lingua galega** (EDNLG do IES Blanco Amor de Culleredo).
- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego na infancia e/ou mocidade: Projeto Educativo Semente.**
- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego nun ámbito sectorial: Galegoempresas** (SNL de Santiago de Compostela, Teo e Ames).
- **Mención do xurado: O galego, a miña lingua propia** (SNL da Deputación Provincial da Coruña).

O [acto de entrega](#) dos II Premios Mil Primaveras tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra o 5 de xuño de 2021, grazas á colaboración do Concello de Pontevedra. O acto conduciuno Bea Campos acompañada de Manuel Pombal, de Migallas Teatro, actuación sufragada ao abeiro do programa Pontegal da Deputación Provincial de Pontevedra.

Na terceira edición, cuxo prazo de inscrición se iniciou en outubro de 2021 e finalizou en xaneiro de 2022, participan **23 proxectos, programas, campañas ou accións de normalización da lingua**, desenvolvidas por SNL, ENDLG e outras entidades públicas e privadas. Nestes momentos está constituído o xurado e analiza as propostas presentadas.

Neste proxecto **colaborou a Deputación Provincial de Pontevedra** a través dunha liña de axudas dirixida a asociacións para desenvolver proxectos de dinamización lingüística.

- **CTNL: 25 anos traballando en lingua**

No ano 1996 constituíuse formalmente a CTNL, con moita ilusión e gañas de colaborar e compartir recursos e coñecementos para sermos mellores profesionais. Neste 2021 **conmemoramos un cuarto de século** traballando co fin de mellorar o labor técnico de normalización lingüística. A CTNL decidiu celebralo **analizando en conversas informais o que ocorreu durante estes 25 anos**.

Nunha serie de **cinco conversas en liña**, conducidas pola xornalista e escritora **Rosa Aneiros**, diversas persoas que pasaron pola directiva e con diferentes perfís profesionais e antigüidade na asociación comentaron varios aspectos do percorrido da entidade. Os **obxectivos** destas pezas eran:

- Difundir e lembrar o labor da CTNL, dos e das técnicos/as de normalización lingüística e do traballo feito ao longo deste cuarto de século.
- Facer unha panorámica das claves sociolingüísticas que caracterizaron estes 25 anos e a súa repercusión na normalización lingüística.
- Reflexionar sobre o futuro da normalización lingüística como proceso social e como ámbito de traballo.

As conversas **estreáronse [na canle de YouTube da CTNL](#) entre os días 15 e 19 de decembro** e foron difundidas nas redes sociais da asociación. Como preludeo, elaborouse unha [pequena pílula de todas as conversas](#), onde as persoas participantes definen a CTNL cunha palabra.

Conversa 1: [as orixes e primeiros anos da CTNL](#)

Participan nela **Soco García Conde**, técnica de normalización lingüística do Concello de Santiago de Compostela, fundadora e primeira presidenta; **Marta Souto González**, técnica de normalización lingüística do Concello de Vigo e socia fundadora, e **Daniel Romero Rodríguez**, xestor de actividades culturais e de normalización lingüística do Concello de Fene. Analízase como comezou a CTNL e lémbrense as primeiras iniciativas para mellorar o traballo técnico de normalización lingüística.

Conversa 2: [o contexto de traballo](#)

Interveñen nela **Ana Iglesias Álvarez**, investigadora e docente na Universidade de Vigo; **Rosa Moreiras Cuñarro**, técnica de normalización lingüística do Concello de Ames e exsecretaria da CTNL, e **Susana Mayo Redondo**, técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia. Nela coméntanse os principais fitos do contexto de traballo destes 25 anos: avances e retrocesos na política lingüística que influíron no labor das persoas que traballan en normalización lingüística.

Conversa 3: [a CTNL e os servizos de normalización lingüística \(SNL\)](#)

Participan tres técnicas de normalización lingüística de ámbito municipal que iniciaron o seu labor profesional en diferentes momentos destes 25 anos: **Mónica Fernández Valencia**, do Concello de Ourense e secretaria da CTNL, **Conchi Cochón Rodríguez**, do Concello de Pontevedra e expresidenta da CTNL, e **Xulia Rigueiro García**, do Concello da Coruña. Falan de como a asociación lles serve de axuda para o traballo, o encontro e a colaboración e dalgúns proxectos que se impulsaron a partir deste intercambio, como o programa Apego ou Youtubeir@s.

Conversa 4: [actividades, recursos, proxectos e campañas da CTNL](#)

Nesta conversa puidemos escoitar a **Nel Vidal Barral**, docente, extécnico de normalización lingüística do Concello de Carballo e expresidente da CTNL; **Dores Sánchez Alegre**, técnica de normalización lingüística da Deputación Provincial da Coruña e exvogal da CTNL, e **Tono Formoso Lado**, fundador da Cooperativa Fabaloba e tamén exvogal da asociación. Eles fálannos das diferentes vertentes do labor desenvolvido desde a CTNL, con campañas tan célebres como Gústame o galego, e da forma de traballar da asociación.

Conversa 5: [presente e futuro da CTNL](#)

Pecha a serie unha conversa onde se analiza a situación actual da CTNL e os retos de futuro, que deben pasar por unha maior rede de SNL e estabilidade laboral. Participan **Isabel Vaquero Quintela**, técnica de normalización lingüística da USC e socia fundadora; **Luís Pérez Barral**, técnico de normalización



lingüística do Concello de Outes e na Mesa pola Normalización Lingüística; **Olga Patiño Abeixón**, docente e exvogal da CTNL, e **Anxos Sobriño Pérez**, actual presidenta.

Todas as conversas foron gravadas en liña no mes de novembro coa **coordinación e soporte técnico de [Nós Televisión](#)**.

Accións organizativas e de comunicación

- Mantívose a cota dos/das socios/as como nos últimos anos, sen ningún incremento.
- Contratouse un seguro de responsabilidade civil.
- Nas comisións e plataformas de que forma parte a CTNL fixéronse propostas en positivo na procura de conseguir que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se lles dea voz, participación e protagonismo a persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística. Nestes momentos a CTNL forma parte de:
 - Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG)
 - Consello Municipal da Lingua do Concello de Vigo (froito da fusión entre o Consello Social da Lingua e a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, da cal formaba parte a CTNL). Esta entidade non se reuniu durante o ano 2021.
 - Plataforma Queremos Galego
- Mantívose contacto permanente con diversas entidades e colectivos para o intercambio de visións, ideas, propostas etc.
- Renovouse convenio de colaboración coa SXPL para o desenvolvemento de accións normalizadoras, que este ano incluíu o LGx15, o mantemento de Agasallo.eu e a realización dun curso.
- Solicitouse unha axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para a finalización da segunda edición dos Premios Mil Primaveras e para a convocatoria da terceira.
- Con respecto á **comunicación e visibilidade** da asociación:
 - **Web**s: mantívose actualizado o [web da CTNL](#), onde se anunciaron convocatorias de prazas e axudas, campañas, formación, etc. Tamén se



empregou o [web dos Premios Mil Primaveras](#) para difundir algunhas novas referidas a premios de normalización da lingua.

- **Boletín electrónico:** para mandar o boletín continúa a empregarse a **plataforma en liña MailChimp**, que permite o envío a un número grande de enderezos electrónicos e mesmo facer un seguimento das mensaxes abertas, que non chegan aos enderezos de destino, etc. Durante o período interasamblear enviáronse aproximadamente **30 boletíns**.
- Mantívose certa presenza da CTNL en **medios**, principalmente nos medios dixitais en galego (*Nós Diario, Praza Pública, Nós Televisión, Galicia Confidencial, GCiencia*), que recolleron algunha da información que se lles trasladou sobre accións e campañas.
- Continuou a presenza nas **redes sociais**, tanto a través das páxinas e perfís propios da CTNL como das específicas de accións e campañas concretas. Algunhas cifras das redes sociais (actualizadas o 24 de febreiro de 2022):
 - Seguidores/as FB CTNL: 5308 (+73)
 - Seguidores/as Twitter CTNL: 5052 (+327)
 - Subscritores/as YouTube da CTNL: 1540
 - Seguidores/as FB LGx15: 2436 (+57)
 - Seguidores/as FB Agasallo: 6422 (+92)
 - Seguidores/as Twitter Agasallo: 2443 (+130)
 - Seguidores/as Instagram Agasallo: 182
 - Seguidores/as FB Como cho digo ;-): 4348 (-46)
 - Seguidores/as Twitter Como cho digo ;-): 2006 (+31)
 - Seguidores/as FB Gústame o galego: 15 168 (-132)
 - Seguidores/as Twitter Gústame o galego: 6112 (-147)

Anxos Sobriño Pérez, presidenta da CTNL

Pontevedra, 24 de febreiro de 2022